



Cédula do 19 de xullo de 2018, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se notifica a resolución do expediente sancionador núm. 2018171TA-PO, por infracción en materia sanitaria.

O 5 de xullo de 2018 a xefa territorial de Pontevedra ditou a resolución do expediente sancionador núm. 2018171TA-PO, incoado a Ana M^a Jecu, co NIE X9862593D.

Tras intentar a notificación desta resolución consonte o artigo 40 e seguintes da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*, non puido practicarse, polo que mediante esta cédula notifícaselle a Ana M^a Jecu, o contido da dita resolución, que figura no anexo, segundo o disposto no artigo 44 da dita lei, para o seu coñecemento.

No caso de estar conforme con esta resolución, deberá facer efectiva a multa no seguinte prazo:

1. Se a publicación se realiza entre os días 1 e 15 do mes, desde a data da publicación ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
2. Se a publicación se realiza entre os días 16 e último do mes, desde a data da publicación ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Para isto deberá empregar os impresos normalizados que lle serán facilitados nas dependencias desta xefatura territorial. O pagamento voluntario porá fin ao expediente. De non facelo así, procederase ao seu cobramento pola vía de constrinximento.

Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Sanidade, Edificio Administrativo San Lázaro, en Santiago de Compostela, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución, de conformidade co establecido no artigo 122 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*.

Esta cédula expídese para que conste e lle sirva de notificación ao interesado, en cumprimento do disposto no artigo 44 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro*. Así mesmo, faise constar que a eficacia da notificación quedará supeditada á súa publicación no TEU do BOE.

A xefa territorial
Ángeles Feijoo-Montenegro Fernández





ANEXO

Número de expediente: 2018171TA-PO.

Sancionada: Ana M^a Jecu.

NIE: X9862593D.

Enderezo: rúa Alfonso Rodríguez Castelao, 6, 4º A – 36001 Pontevedra.

Feito imputado: infracción do previsto na *Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco*, modificada pola Lei 42/2010, do 30 de decembro.

Preceptos infrinxidos:

Artigo 7) *“Prohíbese fumar, ademais de naqueles lugares ou espazos definidos na normativa das comunidades autónomas, en:*

u) Bares, restaurantes e demais establecementos de restauración pechados”.

Tipificación: Unha infracción administrativa tipificada como leve no artigo 19.2.a) da *Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco*, modificada pola Lei 42/2010, do 30 de decembro.

Sanción imposta: trinta euros (30 €).

